

PLAN DE ACOLLIDA ALUMNOS INMIGRANTES



INDICE

1. INTRODUCCIÓN. BASE LEGAL

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

3. OBXECTIVOS XERAIS.

4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

1. FASE DE ESCOLARIZACIÓN

***2. FASE DE INCORPORACIÓN
GRUPO-CLASE.***

***3. FASE DE INCORPORACIÓN A
TODO EL CENTRO***

5 AVALIACIÓN DO PLAN.

1.- INTRODUCCIÓN. BASE LEGAL.

A realidade social e económica da nosa zona está variando substancialmente. Estamos asistindo a unha crecente pluralidade sociocultural derivada, en boa medida, do cambio producido na dirección dos movementos migratorios: de ser un país de emigrantes estamos, pouco a pouco, converténdonos nun país que acolle a un número cada vez maior de inmigrantes.

O colectivo de fillos e fillas destes inmigrantes presentan necesidades educativas ás que compre dar resposta en base a significativos fundamentos legais:

A **Constitución Española** no seu artigo 27.2 recolle que "*a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais*". Ademais o noso país adheriuse á **Declaración dos Principios de Cooperación Cultural Internacional** promovida pola Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, que no seu primeiro artigo recolle: "*Cada cultura ten unha dignidade e un valor que han de ser respectados e conservados. Tódalas persoas teñen o dereito e o deber de desenvolver a súa cultura. Na súa rica variedade e diversidade e nas recíprocas influencias que exercen unhas sobre outras, tódalas culturas forman parte do patrimonio común pertencente a toda a humanidade*". Con posterioridade aprobouse en Estrasburgo o **Instrumento de Ratificación do Convenio-marco para a protección das Minorías Nacionais** (nº 157 do Consello de Europa) que no seu artigo V establece o compromiso dos países asinantes de "*promover as condicións necesarias para permitir ás persoas pertencentes a minorías nacionais manter e desenvolver a súa cultura, así como preservar os elementos esenciais da súa identidade, a saber, a súa relixión, lingua, tradicións e patrimonio cultural*".

Xa no ámbito da lexislación estritamente educativa o **artigo 2.1. da LODE** especifica os fins da educación: "*formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios*

democráticos de convivencia; preparación para participar activamente na vida social e cultural; formación para a paz, a cooperación e a solidariedade dos pobos". Nos mesmos termos establécense na **LOXSE**, no seu artigo 1, as finalidades da educación mentres que, no artigo 63 especifica que "*co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, os poderes públicos desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se atopen nunha situación desfavorable e proverán os recursos económicos precisos*". Por fin, na **LOCE (artigo 42)** especificábase que "*as Administracións educativas favorecerán a incorporación ó sistema educativo dos alumnos procedentes de países estranxeiros. Para os alumnos que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, as Administracións educativas desenvolverán programas específicos de aprendizaxe coa finalidade de facilitar a súa integración no nivel correspondente*". Tales programas "*poderanse impartir en aulas específicas establecidas en centros que impartan ensinanzas en réxime ordinario. O desenvolvemento destes programas será simultáneo á escolarización dos alumnos nos grupos ordinarios, conforme ó nivel e evolución da súa aprendizaxe*

Orden do 20 febreiro de 2004 dictouse, por parte da Consellería de Educación, unha Orde que foi publicada no DOG de 26 de febreiro e na que se "***establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro***". Os apartados máis salientables da referida orde resúmense nos puntos seguintes:

® **(Artigo 1º)** "*Considerarase alumnado obxecto das medidas previstas na presente orde aquel que (...) proceda do estranxeiro e reúna algunha das necesidades educativas seguintes:*a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ó que lle correspondería pola súa idade c) Presentar graves dificultades de adaptación ó medio escolar debido a razóns sociais ou

culturais

® (Artigo 4º) **"Dotación de profesorado de apoio: As delegacións provinciais avaliarán nos centros os recursos existentes e as necesidades derivadas da escolarización de alumnado procedente do estranxeiro"**

® (Artigo 7º) **"Medidas de atención escolar:**

a) De tipo curricular:

- *Reforzo educativo*
- *Adaptacións curriculares*
- *Flexibilizacións de idade*

b) De tipo organizativo:

- *Grupos de adquisición de linguas.*
- *Grupos de adaptación da competencia curricular*

® (Artigo 8º) **"Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade (...) o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino (...) Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia (...) O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un **tempo máximo dun trimestre**, se ben a inspección educativa poderá autorizala ampliación excepcional dese período"**

® (Artigo 9º) **"O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de (...) **24 períodos lectivos** na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular de aprendizaxe. Coa finalidade de facilitala integración escolar e social do alumno, este **permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música e educación plástica e visual**, así como no período de tutoría"**

® (Artigo 10º) **"O profesorado encargado dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico"**

® (Artigo 11º) **"Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a"**

*través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó **alumnado que presente un desfase de dous o máis cursos** con respecto ó que lle correspondería pola súa idade*

® (Artigo 12º) *"O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será, na educación secundaria obrigatoria, de **10 períodos lectivos**. Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ó seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo poderá abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide*

.® (Artigo 13º) *"Na ESO o profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo de competencia (principalmente as materias de carácter instrumental)*

® (Disposición adicional 3ª) *"En ningún caso se producirá a incorporación do alumno nun curso inferior ós dous anteriores ó que lle correspondería por idade*

2.- SITUACIÓN DE PARTIDA

O IES "SAN ROSENDO DE MONDOÑEDO" é un dos institutos da localidade de Mondoñedo . O seu alumnado procede de 2 colexios públicos de ensinanza Primaria de Mondoñedo e Lourenzá.

Temos que engadir que dende hai dous cursos académicos estamos a recibir nos centros educativos un número significativo de inmigrantes procedentes de Marrocosl.

Para facilitar a integración destes alumnos o centro educativo é preciso unhas medidas que son as que pretendemos

recoller no presente Plan de Acollida, un documento que nace coa intención de converterse en referencia para todo o equipo docente.

O Plan de Acollida ha de ser, necesariamente, diferente para cada un dos alumnos, partindo das súas peculiaridades. Isto esixirá un proceso de adaptación que ha de ser mutuo e no que teñen que aportar o mellor de cada un deles tanto o que chega ó centro como quen o acolle. Antes de seguir adiante convén que precisemos a situación que o noso alumnado inmigrante se atopa ó chegar ó instituto. De entrada a maioría se enfrenta a problemas moi parecidos ós que a continuación enunciámos:

- A aprendizaxe das linguas vehiculares nas que ten lugar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe do centro e que son completamente distintas á súa nalgúns casos (p. ex. o alumnado marroquí) ou, cando menos, o suficientemente distanciadas como para ofrecer dificultades iniciais
- O emprego dunha lingua diferente na súa vida cotiá, coa súa familia, co seu ámbito de amizades, etc.
- Diferentes referentes culturais: o que ofrece a escola e o que se atopa na casa que soen obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e actuar..
- Diferentes niveis académicos. Ó chegar algúns alumnos e alumnas presentan un dous e mesmo máis cursos de atraso con relación a súa idade.
- A dificultade de integración aumenta cando o alumnos se incorpora directamente no ensino secundario.
- Nalgúns casos, debilidade económica das familias que pode manifestarse coa falta, entre outras carencias, do material escolar imprescindible.
- Problemas de adaptación ó entorno: dificultade para atopar amigos cos que xogar. Soen pasar gran parte da súa vida con outros nenos da súa mesma etnia.
- Matriculación irregular, xa que esta se leva a cabo á súa chegada ó país, que nonten por que coincidir co inicio do curso: é frecuente ver como ó longo do ano se van

matriculando novos alumnos, o que da lugar a novas problemáticas, en especial cando descoñecen a lingua..

- Absentismo escolar relacionado co traballo dos seus pais, cos períodos de vacacións destes que non sempre coinciden cas vacacións escolares.,.
- Algúns alumnos chegan a faltar ás aulas 20, 30 días por desprazamentos ó seu país.

A partir do coñecemento desta problemática convén, tamén, definir claramente cales son os obxectivos xerais do centro, aqueles que debemos asumir para facer fronte a esta situación.

3.- OBXECTIVOS XERAIS

A necesidade crecente de abordar solucións que permitan a progresiva adaptación do alumnado inmigrante estranxeiro sen que isto ocasione traumas ou inseguridades esixe a articulación do presente Plan de Acollida en base ós obxectivos seguintes.

- Asumir como Centro os cambios que comporta a interacción cultural con alumnado procedente doutros países.
- Elaborar Proxectos de Centro interculturais que faciliten e promovan procesos de intercambio, interacción e cooperación entre culturas.
- Actuar globalmente como centro ante a chegada de alumnado inmigrante..
- Facilitar a escolarización, acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante xunto cos seus propios compañeiros e profesores..
- Organizar e planificar actividades dirixidas a enxerir a este alumnado na aula así como aquelas persoas que as levarán a cabo..
- Aproveitar os momentos educativos e de enriquecemento mutuo intercultural que aportan as diferentes culturas na aula.
- Desenvolver aqueles aspectos relacionados co mantemento e difusión da lingua e cultura propia do alumnado..

- Promover o acceso, permanencia e promoción educativa, articulando medidas que fagan efectiva a compensación de desigualdades de partida e orientando a súa promoción no sistema educativo.

4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

1. Fase de escolarización do alumno/a:

- **toma de contacto co centro educativo:** 1º entrevista da familia, servizos sociais e alumno/a con depart. de orientación e equipo directivo
- **Información a familia** Daselles unha información xeral do centro educativo, e explicación do proceso de matrícula
- **Recollida de datos do alumno e comunicación a familia:** recollese pola orientadora nun cuestionario datos persoais, familiares, escolares etc.(ver modelo no anexo) Antes do proceso de matrícula no curso correspondente, solicitarase con urxencia a intervención do **EQUIPO ESPECIFICO DE LUGO** e conxuntamente co Departamento de Orientación e oídos os pais, decidese as medidas de flexibilización de idade si fose preciso e medidas de tipo organizativo. Antes de tomar decisións debese ter en conta unha serie de aspectos como:
 - Atopar o nivel de esixencia axeitado ás súas posibilidades axudará a que o alumno/a estea motivado, teña interese e consigamos maior éxito. Por isto é conveniente unha exploración inicial que determine o seu nivel de competencia.
 - A idade, a idoneidade dos posibles grupos de acollida, a escolarización doutros alumnos/as procedentes do mesmo país, etc.
 - Hai que intentar que participe en todo aquilo que, sen necesidade da expresión oral ou escrita, poida intervir con niveis nulos ou básicos de coñecemento do idioma: algunhas das actividades de Plástica,

Educación Física, Música, Idiomas, Tecnoloxía...poden xogar un papel fundamental. Por esto, na planificación das correspondentes medidas de reforzo educativo, teremos en conta o horario das citadas materias.

Unha vez realizadas estas decisións, matriculase e asignaselle un grupo ordinario.

2. Fase de incorporación o grupo-clase:

O alumno/a inmigrante vive unha situación específica e precisa da comprensión de tódolos que o rodean. Ten que adaptarse rapidamente a unha nova sociedade, nunhas etapas de desenvolvemento psicolóxico e físico diferentes segundo as idades, unha nova lingua que necesita para relacionarse socialmente, para ter amigos, para desenvolverse ena que se imparten os contidos curriculares; pode chegar a pensar "*de que me serve o que xa sabía*"...Observar como vai establecendo as relacións cos compañeiros e profesores, nas distintas tarefas, no xogo, nos deportes, nos períodos de lecer...poderáaxudar a un mellor acercamento e axuda, fuxindo de tópicos e de xuízos "a priori".

O exposto non implica que o profesorado deba adoitar actitudes que poidan ser confundidas, por estes alumnos ou polo resto de colegas, coa falta de autoridade, cun exceso de permisividade...As diferencias nas actuacións deben ser comentadas e comprendidas por todos. Os pasos que propoñemos son os seguintes:

a) Alumnado inmigrante xa escolarizado en E. Primaria:

1. Pediráselle ó titor ou titora de E. Primaria e departamento de orientación que cumprimente a ficha de rexistro de alumnos/as de incorporación tardía. Farase chegar unha copia da mesma ó

novo titor e departamento de orientación.

2. Terase en conta a situación á hora de efectuar os agrupamentos, integrándose nun grupo no que coincida cun número significativo de compañeiros e compañeiras do centro anterior.

3. No tocante á acollida actuarase con normalidade e sen establecer diferencias.

4. Se o nivel de coñecemento das linguas o aconsella, o alumno en cuestión recibirá as medidas de reforzo que se determinen, cabendo a posibilidade de que se aconselle a súa incorporación a un *grupo de adquisición de linguas* ou a un *grupo de adaptación da competencia curricular*.

5. Na hora semanal de titoría poderanse poñer en práctica, de entre as propostas, aquelas actividades que contribúan a favorecer a convivencia e a evitar conflitos interculturais.

b) Alumnado inmigrante non escolarizado con anterioridade en España:

1. O equipo directivo e o departamento de orientación, tras manter coas familias as entrevistas xa descritas, facilitarán ó titor/a e ó profesorado do grupo no que se integre o alumno/a a ficha informativa correspondente.

2. Se o alumno/a inmigrante se incorpora ó principio do curso e domina o castelán actuarase, no tocante á acollida, seguindo as pautas habituais. De presentar dificultades no tocante ó coñecemento das linguas actuarase nun dobre plano:

- ❖ Facilitarase a súa incorporación a un grupo de adquisición de linguas ou a un de adaptación da competencia curricular. Ademais tratarase, deser posible, que no grupo de referencia haxa algún alumno/a da mesmanacionalidade.
- ❖ Poranse en práctica, por parte do titor/a, aquelas actividades que faciliten a integración e contribúan a favorecer a convivencia e a evitar conflitos interculturais.

3. Seguirase o mesmo proceso no caso de que o alumno/a

inmigrante se incorpore co curso xa iniciado. Como medida complementaria, e independentemente do día en que o alumno en cuestión formalice a súa matrícula, aprazarse a súa incorporación ó grupo de referencia ata facela coincidir coa hora de titoría na aula.

POSIBLES ACTIVIDADES PARA OS 1º DÍAS NO GRUPO:

- Cada titor, cada titora desenvolve a súa propia estratexia de intervención inicial no grupo. En moitos casos tal estratexia inclúe xogos e/ou actividades de presentación entre o alumnado, recollida de datos significativos, exposición das rutinas e hábitos da clase, normas de actuación, etc... Todo elo igualmente válido ante a presenza de alumnos/as inmigrantes.
- Tal presenza, en todo caso, invita á posta en marcha doutro tipo de iniciativas. Axeito de exemplo podería ser conveniente darlle ó grupo unhas pequenas nocións acerca da cultura de orixe do novo alumno, do seu idioma, da súa relixión, ... e daquelas cousas que propicien acercamento e comprensión. O presente traballo incorpora informacións que lle poden resultar útiles ós respectivos tutores.
- En calquera caso hai que expoñerlle ó grupo a situación do xeito o máis natural posible: "*...non nos entende, ... aínda non fala a nosa lingua e non sabe escribirla, ... pero sabe un montón de cousas e máis adiante poderá explicárnolas.*"
- Na maioría dos casos van a ser os compañeiros e compañeiras os que ensinen ó recen chegado a dinámica da clase e as frases de comunicación e relación máis cotiás.
- Teremos que controlar que as relacións que se vaian establecendo sexan as naturais pola idade, evitando tanto o proteccionismo excesivo de tipo paternalista como as actitudes de rexeitamento e menosprezo.
- Pode ser interesante transmitirle ó grupo algunhas recomendacións para afrontar de mellor xeito os casos de

inmersión lingüística:

- *Temos, entre todos, que dar un bo modelo lingüístico. Isto implica que...*

... non debemos falar xesticulando excesivamente ou gritando.

... temos que facer frases sinxelas, pronunciando pouco a pouco e con claridade.

... non debemos falar nunca telegraficamente.

... non debemos simplificar nin alterar as frases para "facilitar" a comprensión

- *Non debemos aceptar frases incorrectas pensando que xa fan bastante esforzo en intentalo. Non lles facemos ningún favor deixando pasar un "pis" por un "¿podo ir ó servizo?"*

- *Temos que colaborar todos no tema da pronunciación. Haberá que corrixila para que pouco a pouco a vaian perfeccionando por imitación. En todo caso, procederemos sen interromper continuamente os diálogos ou conversacións espontáneas.*

- *É importante que faledes con el/ela e que vos esforcedes por entendela/a e por facervos entender...pero non vos podeades converter en tradutores/intérpretes. É necesaria a túa axuda, pero ti non podes ser a súa voz.*

➤ Hai que valorar a posibilidade de sentalo/a cunha persoa ben predisposta e que sexa acollidora e simpática. Neste senso pode resultar útil para o recen chegado a asignación dun **alumno-titor** que o guíe **nos primeiros días** e que tería como funcións fundamentais as seguintes:

.- Facilitar a integración do alumno asignado evitando o seu illamento inicial,

mesmo nos períodos de lecer.

.- Presentarllo a outros compañeiros, profesores, persoal non docente,...

.- Tratar de resolver os problemas iniciais de comunicación.

.- Axudarlle nas tarefas escolares.

.- Orientalo sobre aspectos fundamentais do funcionamento do centro e hábitos

de traballo: material, horarios, materias, aulas,...

.- Axudarlle a orientarse no espazo escolar, mostrarlle as instalacións,...

.- Colaborar co titor/a comunicándolle os problemas que detecte.

3. Fase de incorporación a todo o centro educativo:

Actividades dirixidas a todo o alumnado do centro educativo (reflexadas no plan de acollida)

- programar semanas de interculturalidade: intercambio de costumes, gastronomía, prendas de vestir, música, idioma etc
- realizar carteis informativos en varios idiomas.
- Traballar nas titorias actividades relacionadas coa emigración, outras culturas, respecto e tolerancia, igualdade etc

5. AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do plan de acollida será avaliado pla comisión de coordinación esta valoración farase cunhos instrumentos como enquisa, entrevistas etc. algúns dos aspectos a valoar poden ser:

- Accións e actividades da comunidade educativa sobre cuestións de interculturalidade.
- Accións formativas do profesorado.
- Sobre a suficiente ou insuficiente medidas de de atención por parte da consellería de educación en relación a profesorado de apoio, medidas de tipo organizativo.
- Sobre as medidas de actuación da avaliación inicial.
- Valoración de si é adecuada a información as familias.
- Sobre a integración do alumnado no centro educativo.

Despois de facer unha avaliación do plan de acollida levarase a cabo as melloraras que fosen precisas.

ANEXOS

GUIÓN PARA O/A ALUMNO/A-TITOR/A DO ALUMNO/A INMIGRANTE

Apelidos:.....
Nome:.....
Curso:.....
Tutela a
Data de inicio:.....

FUNCIONS:

1. Facilitar a integración de:.....
Evitando que se atope so/soa e illado/a na aula, nos períodos de lecer, no comedor, etc.
2. Presentarlle outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.
3. Mostrarlle as instalacións e axudarlle a orientarse no centro os primeiros días. Orientalo tamén sobre aspectos do funcionamento e hábitos de traballo: material, horarios, materias, aulas.
4. Tratar de resolver os problemas iniciais de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares.
5. Colaborar co titor ou titora comunicándolle os problemas que detecte.

DIFICULTADES ATOPADAS

ASPECTOS CONSEGUIDOS

RECOLLIDA DE DATOS

CENTRO:.....

CURSO ESCOLAR:.....

DATOS PERSOAIS:

Nome e apelidos:.....

Data de nacemento:.....

Domicilio:.....

Localidade:.....**Telf.**.....

Nacionalidade:.....**Lingua de orixe:**.....

Tempo de residencia en españa:.....

DATOS MÉDICOS (ALGUNHA ENFERMIDADE, CARTILLA DE VACUNACIÓN, PEDIATRA ETC):

DATOS FAMILIARES:

Nome do pai:.....

Tempo de residencia do pai en españa:.....

Nome da nai:.....

Tempo de residencia en españa:.....

Nº de irmáns:.....**Lugar que ocupa entre os irmáns:**.....

Lingua que falan seus pais:.....

Coñecemento do castelán ou galego:.....

DATOS ACADÉMICOS:

Anos de escolarización no seu país de procedencia:.....

Escolarización anterior en españa, e tempo:.....

Nivel de coñecemento da súa lingua:.....

Nivel de coñecementos da lingua castelán:

Expresión oral:.....

Expresión escrita:.....

Comprensión oral:.....

Comprensión escrita:.....

Coñecementos doutras linguas:.....

Solicitud de exención de galego:.....

Medidas de atención a diversidade aplicadas anteriormente:

OBSERVACIÓN:

DIFERENCIAS NO PROCESO DE ADQUISICIÓN DO ESPAÑOL COMO SEGUNDA LINGUA

DIFERENCIAS NO PROCESO DE ADQUISICIÓN DO ESPAÑOL COMO 2ª LINGUA SEGÚN A IDADE

Ed. Infantil (3-6 años)

- **Proceso similar o da adquisición da 1ª lingua**
- **Adquierese a 2ª lingua dunha forma natural**
- **Existe un período silencioso**
- **Non necesitan un programa específico**
- **Simultanean sin dificultad os dous idiomas**

1er Ciclo de Ed. Primaria (6-8 años)

- **Predominan ainda os mecanismos de adquisición**
- **Non é necesario un programa específico de español pero sí para adquirir a lectoescritura**
- **O principio, priorizar a linguaxe oral sobre o escrito**
- **Si non ten lectoescritura, exercitar prelectura e preescritura adaptadas a idade**
- **Enseñarlle: hábitos de traballo, sistema de relacións culturais e recursos lingüísticos**

2º y 3 er Ciclo de Ed. Primaria (8-12anos)

- **Ainda presentan facilidade para aprender unha 2ª lingua**
- **Posibilidade dun programa de apoio nun contexto natural**
- **Alumnos sin alfabetizar: 1º priorizar a linguaxe oral**
- **Non soe haber período silencioso e a produción presenta numerosos erros; “aprende todo a vez”**
- **Influencia significativa da lingua materna**
- **Inglés/francés: usar como lingua vehicular ou retrasar o seu aprendizaxe**

Adolescentes e adultos

- **Gran influencia da lingua materna**
- **Gran variabilidade individual:**
- **Precisan programas concretos**
- **Procesos rápidos/costosos**
- **Aprenden, no adquiren conciencia e reflexión verbal**
- **Diferencia no éxito final**
- **Adolescentes: ainda perduran características iintuitivas**
- **Adultos: aprendizaxe limitado**
- **aprendizaje limitado**

PROBLEMAS XERAIS A NIVEL LINGUISTICO DOS MAGREBIS

PROBLEMAS XERAIS NO ÁMBITO LINGÜÍSTICO QUE PRESENTAN OS ALUMNOS MARROQUIS:

Vamos a resumir algúns dos aspectos E dificultades que presentan os/as alumnos/as magrebis:

GRAFÍA - DIRECCIONALIDADE

Como todos sabemos, o árabe escíbese de dereita a esquerda; este hábito provoca distorsións nas palabras escritas, e tamén na lectura das mesmas, xa que é fácil que segan a dirección oposta. Nalgún caso poderemos atopar estañas conexións entre direccionalidade na escritura e a posición dos elementos nas operacións aritméticas. Serán, non obstante, casos especiais dado que a educación aritmética elemental que reciben é idéntica á nosa

PROBLEMAS DE TRAZO DAS LETRAS

É lóxico atopar trazo irregular ou equivocado, fundamentalmente naquelas grafías que representan sons non habituais para eles

CORTE SILÁBICO NO FIN DE LIÑA

O árabe tende a non separar as palabras; polo tanto, cando os alumnos magrebís chegan ó final da liña cortan aleatoriamente as verbas, sendo a falta de espazo o criterio básico.

DIFICULTADES COAS MAIÚSCULAS E AS MINÚSCULAS

Esta convención gráfica da maiúscula non existe no árabe, o que comporta diversos problemas: en principio non coñecen o trazo diferenciado entre maiúsculas e minúsculas, e a veces interpretan aquela como unha simple representación escrita nun tamaño maior. Tampouco acaban de comprender cando se usa unha ou outra, sendo habitual que, cando usan a maiúscula inicial, esta arrastre ó resto das letras: en vez de Mohamed tenden a escribir MOHAMED.

NON ESCRITURA DAS VOCAIS ÁTONAS

A lingua árabe soe prescindir, na escrita, do signográfico das vocais, ou, como máximo, representan unicamente a vocal tónica. Ó principio, cando escriben linguas románicas poden seguir o mesmo criterio. É por iso que as palabras que escriben acaban tendo nada máis que unha vocal (ou ningunha): por exemplo, as solucións da palabra "patacas" dictada ós alumnos pode dar distintos resultados: "ptcs", "ptacs", "ptacas"... En estadios de aprendizaxe posteriores, ás veces prodúcense fenómenos contrarios:

“barazo”, “palátano” (brazo,plátano). Todo o dito obríganos a traballar especialmente o concepto de sílaba (con golpes de man, por exemplo asociando un mínimo de unha vocal por cada golpe)

ORTOGRAFÍA / FONÉTICA

▪ SISTEMA VOCÁLICO Dificultade co “e” máis co “o”:

É un dos fenómenos que os educadores localizamos con máis facilidade e que resulta suficientemente persistente como para suscitar preocupación, porque se estende ó ámbito oral e ó escrito. Xa quedou dito que o árabe ten tres vocais (a, i, u) representadas polas súas grafías respectivas (*fatha, kasra e damma*) Para eles os referentes gráficos e fonéticos do e e do o atópanse no seu sistema vocálico ternario, e polo tanto, escribirán un a ou un i no canto do e que esperamos. O proceso para chegar a interiorizar o sistema vocálico non é sinxelo. Debemos traballar a partir de palabras-clave (mesmo onomatopeas existentes tamén na súa lingua: *Ahhhhhh!, Beeeeee, Piiiiiiiiii, Gooooo!, Muuuuuuu*) nos aspectos gráficos e fónicos...asociando a vocal á expresión. Como en casos anteriores, poderemos atoparnos situacións de autocorrección (“fego” no canto de figo). Temos que ter en conta que se atopan cun cambio profundo do seu propio sistema e que, no caso de galego, a situación se agrava coa aparición das vocais abertas e pechadas

▪ SISTEMA CONSONÁNTICO

Ó igual que o sistema vocálico, a lingua árabe ten un sistema consonántico con aspectos diferentes ó noso. Aínda que hai elementos semellantes (Ba [b], Ta [t], Ja [j], Zay [z], etc) e outros distintos, os problemas non veñen das diferencias de sons, senón da inexistencia dalgúns dos nosos sons consonánticos na súa lingua: . Non discriminan as oclusivas bilabiais (b/p) e tenden a empregar sempre o b . Non existen na súa lingua a lateral palatal (ll), a palatal sonora (ñ), ou o x .

▪ MORFOLOXÍA - XÉNERO

O árabe presenta dous xéneros gramaticais: masculino e feminino. Os elementos femininos son, aparte do xénero natural (persoas e animais dese sexo), os que a lingua árabe considerou deste xénero, e non sempre se

poden recoñecer gracias a unha desinencia, senón que en moitos casos non hai ningunha marca recoñecida e é o propio falante o que sabe se se trata dun masculino ou dun feminino. En árabe son femininos os nomes propios de países, rexións ou pobos, os nomes que designan partes dobres (mans, pes, ollos...), fenómenos meteorolóxicos ou da natureza (vento, lume) ou relacionados coa terra (casa...)...En todo caso, como no resto das linguas, as atribucións de xénero son puramente arbitrarias (o nariz-*la nariz* / o leite-*la leche*) e non podemos dar por feito que, cando traballan cun listado de palabras, os alumnos magrebís coñecen o seu xénero. Temos que evitar propoñerlles exercicios que lles resulten de imposible resolución porque levan implícito o coñecemento do xénero (¿cómo poderían relacionar un nome e un adxectivo se descoñecen o xénero do primeiro?)

- **NÚMERO**

No tocante ó número tamén podemos observar algúns problemas porque o sistema árabe é máis complexo, tanto a nivel conceptual como a nivel das estruturas gramaticais. . _Nas linguas románicas a representación conceptual varia entre o singular (designa un so elemento) e o plural (designa máis dun elemento). Sen embargo a lingua árabe ten ademais o dual: número que indica dúas persoas ou obxectos. . _A nivel de estruturas gramaticais, as linguas románticas empregan unha desinencia de número (no noso caso -s)

que os falantes recoñecen inmediatamente como a marca de plural. No árabe, a forma de plural máis empregada é a denominada “interna”, que se obtén modificando o interior dunha palabra e que funciona sen regras formuladas, senón por regras que uso que os falantes interiorizaron.

- **ARTIGO**

A problemática do artigo vincúlase á cuestión de xénero: en estadios iniciais de aprendizaxe, un alumno de lingua románica pode deducir un artigo por saber o xénero dun nome e á inversa. Para un alumno magrebí isto é máis difícil porque o artigo é invariable [al] e non marca diferenza de xénero (ten outras funcións; por exemplo, a súa presenza ou ausencia determina se se trata dunha construción de demostrativo + nome ou se se trata dunha frase nominal: “*hâdî al umm*” -este mar- “*hâdî umm*” -este é un mar-)

- **SUBSTANTIVO**

A diferenza das linguas románicas, a maioría dos substantivos árabes son declinables, presentando formas diversas para os diferentes casos nominativo, xenitivo e acusativo)

- **ADXECTIVO**

Os adxectivos_árabes concordan en xénero, número e caso cos substantivos ós que acompañan, e polo tanto, tamén se declinan. Ademais cando o nome leva artigo, o adxectivo tamén o ha de levar (“*Malic karim*” – rei xeneroso– “*Almalic alkarim*” – o rei xeneroso–). Outro elemento a ter en conta é que os adxectivos cualificativos nunca van antepostos. Na medida en que o noso sistema é menos complexo, acaban asimilándoo sen demasiada dificultade.

- **VERBO**

O verbo é considerado a base morfolóxica do árabe, xa que se ve como a raíz da cal derivan as outras palabras. Para formar a conjugación (só hai unha) engádense prefixos e sufixos á raíz, invariables sempre, mesmo que o verbo sexa irregular – neste caso o que varía é a raíz–. Por outra banda, o verbo presenta unha serie de concordancias obrigadas que, as máis das veces fan desconcertar ós nosos alumnos cando compara un e outro sistema.

ESTRUCTURAS SINTÁCTICAS

En árabe a orde habitual da frase soe seguir a estrutura seguinte: V + Sux + CD + CI + CC (“*vai pillar un home ó gato cun saco na praza*”). Para os alumnos magrebís a estrutura habitual da frase castelá ou galega (Sux + V + CD + CI + CC) resulta un pouco forzada. Ademais existen no árabe algunhas omisións habituais que tenden a trasladar á nosa lingua: a máis coñecida é a elisión do verbo copulativo nas atributivas “Ti (es) carpinteiro”: sobre entenden o verbo ser.

PUNTUACIÓN

Os alumnos magrebís presentan problemas cos signos de puntuación porque o árabe fai un uso deles moi escaso: a xustaposición non necesita coma, nin as enumeracións adxectivas; non empregan os dous puntos nin o punto e coma...

